



RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DUN/DUNHA ASESOR/A LINGÜÍSTICO/A MEDIANTE A MODALIDADE DE CONTRATACIÓN DE INTERINIDADE PARA A SUBSTITUCIÓN DA ASESORA LINGÜÍSTICA DESTE CONCELLO DURANTE A DURACIÓN DA SÚA BAIXA POR MATERNIDADE

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 04/06/2018 aprobou as bases reguladoras para a contratación laboral dun/dunha asesor/a lingüístico/a mediante a modalidade de contratación de interinidade para a substitución da asesora lingüística deste Concello durante a duración da súa baixa por maternidade.

Mediante resolución desta Concellería de Goberno do 11 de xuño de 2018 acordouse a composición do tribunal cualificador do proceso de selección para a contratación laboral dun/dunha asesor/a lingüístico/a mediante a modalidade de contratación de interinidade.

Ao existir un retraso imprevisto na tramitación do presente expediente, é preciso acordar unha modificación da composición do antedito tribunal cualificador, polo que, en consecuencia, esta Concellería de Goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de abril de 2017,

RESOLVE

Primeiro.- A composición da Comisión de valoración recollida na base oitava queda integrado da seguinte forma:

Presidenta: Dona Encarna Dapena Losada, xefa do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos, sendo o seu suplente don Enrique Sotelo Resurrección, arquiveiro xefe do Servizo de Arquivo.

Secretaria: Dona Marta de las Heras Rodríguez, xefa do Servizo de Patrimonio, sendo o seu suplente don José Francisco González Neira, xefe do Servizo de Contratación.

Vogais:

- Dona Vanesa Estévez Baquero, pedagoga do Servizo de Educación e Dinamización de Servizos, sendo o seu suplente don José María Campos Durán, xefe do Servizo de Disciplina Urbanística, Medio Ambiental e Policía Administrativa.

- Dona Marta Souto González, técnica superior do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, sendo o seu suplente don José Luís Sarandeses Martínez, xefe do Servizo de Cultura.

- Dona Paula Soto Viñas, técnica de Normalización lingüística do Concello de Moaña, sendo a súa suplente dona Alicia Paula Otero González, xefa do Servizo de Gabinete de Alcaldía.

Os membros desta comisión de valoración poderán ser recusados, cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Así o ordena e dispón o Concelleiro de Goberno Responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio no exercicio das súas atribucións delegadas pola Xunta de Goberno Local, perante o Secretario da Administración Municipal, que DA FE da precedente Resolución.

